



SELIC  
SEMANA DO LIBRO  
DE COMPOSTELA  
10-18 OUTUBRO  
2020 - SELIC.GAL

# PROGRAMACIÓN

SEMANA DO LIBRO DE COMPOSTELA  
DO 10 AO 18 DE OUTUBRO 2020  
SELIC.GAL

- ★ **Actividade infantil**
- 📍 **Paseo guiado**
- 🔊 **Actuación**
- 💬 **Conversa**
- 📖 **Presentación / Sinatura**
- ▶ **Streaming**



Ilustración e deseño:  
Nuria Díaz

# SÁBADO 10

🗨️ **12 – 13 h | Conversa *Figuras masculinas de meio-corpo*, de Antom Fortes. Participan, Antom Fortes e Luís Alonso.**

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

📍 **12 – 13 h | Paseo guiado: *Composcenas. Paseo dramático polos escenarios teatrais de Compostela*. Roi Vidal.**

Unha boa parte da historia do teatro galego máis recente decidiuse nalgún lugar de Compostela. Pasearemos a través dalgúns dos edificios e localizacións que acolleron estreas, asembleas, ensaios ou tertulias, desde os máis coñecidos e evidentes, como o Teatro Principal, ata os máis curiosos e esquecidos... Praza da Quintana, Cantigas e Agarimos, Salón Teatro, Teatro Principal, Casino, Instituto Xelmírez, Carreira do Conde, Sala Nasa, Sala Galán, Sala Iago, Sala Vidal Bolaño etc.

- **Punto de partida:** Praza da Quintana.
- **Prazas limitadas** (Inscricións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).

📖 **17 – 18.30 h | Sinatura do libro *Os Minimortos: Benvído ao Outro Barrio* de Leticia Costas.**

- **Espazo:** Comedor de Fonseca.

📍 **18 – 20 h | Paseo guiado *Rosalía de Castro. Mercedes Espiño*.**

- **Punto de partida:** Praza de Vigo.
- **Prazas limitadas** (Inscricións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).

★ **18 – 19 h | [Programación infantil]. Actividades para imaxinar e crear: *Carapuchiña vermella en helicóptero*.**

Viaxar polos contos clásicos é moi divertido pero... Que pasaría se introducimos algunhas modificacións ao modo de Gianni Rodari? Un xogo a través da palabra, do inesperado e da imaxinación. Idade de 6 a 8 anos.

- **Espazo:** Fundación Torrente Ballester.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.





### 18.30 – 19.30 h | **Conversa con Xosé Carlos Carracedo Porto: “Desconfinando palabras”.**

Diálogo sobre a construción de textos nas redes sociais – sobre todo durante o confinamento-, da escritura como un acto cotián e da presenza da literatura na vida.

- **Espazo:** Fundación Eugenio Granell. Sala Didáctica.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 19 – 20 h | **Literatura negra en Galicia.**

Mesa redonda con Arantza Portabales, Diego Ameixeiras, Domingo Villar e Leticia Costas. Modera: Camilo Franco.

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar prazas.



### 20 – 20.45 h | **Sinatura do libro *Somos de Arxerís* de Xosé Carlos Carracedo Porto.**

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).



### 20 – 21 h | **Presentación: Presentación do libro *Federico García Lorca en Santiago de Compostela*. Alvarellos Editora.**

- **Espazo:** Hotel Compostela.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

## DOMINGO 11



### 12 – 12.40 h | **[Programación infantil]. Contacontos: Verdemar.**

Sesión de monicreques, música en directo e contacontos para primeiras lecturas (3 a 11 anos).

- **Espazo:** Fundación Torrente Ballester.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 12.30 – 13.15 h | **Poesía performativa. Vermú baixo a *Uralita*.**

Vermú literario no que a actriz Iria Pinheiro recitará poemas do libro *Uralita*.

- **Espazo:** Fundación Eugenio Granell – Sala Didáctica.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 18 – 19.15 h | **Paseo guiado: “Federico García Lorca en Santiago”.** Henrique Alvarellos.

- **Punto de partida:** Praza da Quintana.
- **Prazas limitadas** (Inscripcións no enderezo electrónico: selic@santiagodecompostela.gal).



### 19 – 19.45 h | **Música e literatura popular: Versos de cordel.**

A literatura narrativa de tradición oral versificada e cantada, contada de boca a orella, de memoria a lembranza, de nai a filla, de cego a paisano... Diferentes estéticas, formatos e actualizacións elaboradas a partir da literatura de cordel galega a cargo da Escola de Música d'aCentral Folque de Santiago de Compostela.

- **Espazo:** Xardíns de Fonseca (En caso de choiva: Fundación Torrente Ballester).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 19.30 – 21 h | **Palabra falada. Poetry Slam Compostela.**

O *spoken word* (traducido literalmente como ‘palabra falada’) é un tipo de performance poética que se executa entre elementos do teatro e da música e onde o central é a representación da palabra, o ton, o ritmo, a xestualidade e o corporal.

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

## LUNS 12



### 12 – 13.15 h | **Obradoiro creativo. Adeus medo!! Obradoiro de creación de contos de personaxes valentes.**

Que vos parece se identificamos os medos, e escribimos historias para facerlles fronte? Porque todas a persoas temos as mesmas cousas, ou parecidas, e xuntas podemos buscarlle solución. Crea o teu personaxe valente e a súa historia para inspirar outras e di... Adeus medo!

Idade: A partir de 6 anos.

- **Espazo:** Fundación Torrente Ballester.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 18 – 19.30 h | **Paseo guiado: Carvalho Calero.**

- **Punto de partida:** Xardíns de Fonseca.
- **Prazas limitadas** (Inscripcións no enderezo electrónico selic@santiagodecompostela.gal).



### 19 – 19.50 h | Performance literario – musical: *Antón Fraguas e a memoria musical de Cotobade*.

O libro *Antonio Fraguas e a memoria musical de Cotobade*, de Xavier Groba, realiza un mapa sonoro do patrimonio literario, musical e coreográfico de transmisión oral destas terras do interior de Pontevedra. Os relatos de Groba e do Pico vense complementados por unha performance literario-musical de Tralo Valo elaborada a partir dunha selección da lírica e música de transmisión oral recuperada na obra.

- **Espazo:** Xardíns de Fonseca (en caso de choiva – Fundación Torrente Ballester).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 20 – 21 h | Mesa redonda “À volta de Ricardo Carvalho Calero” Participan: Pilar García Negro, Helena Miguélez-Carballeira, Henrique Monteagudo Romero, Elix Feijó Torres e Carlos Quiroga Díaz.



- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

## MARTES 13



### 18 – 19 h | [Programación infantil] Actividades para imaxinar e crear: *Literatura en collage*.

Palabras, versos e relatos da Literatura Infantil e Xuvenil galega serven de semente para crear unha historia. Recortaremos palabras e imaxes para compoñer o noso poema ilustrado. Idade de 9 a 11 anos.

- **Espazo:** Fundación Torrente Ballester.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 18 – 19.30 h | Paseo guiado: *Irmandades da Fala*.

- **Punto de partida:** Xardíns de Fonseca.
- **Prazas limitadas** (Inscripcións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).



### 18 – 20 h | Conversa: “Iniciarse na publicación literaria” con Fernando M. Cimadevila.

A conversa abordará os diversos mecanismos que teñen as novas autorías para adentrarse no mundo da publicación literaria. Desde achegamento a editoriais, auto-publicación, edición dixital... ata as ferramentas de promoción literaria como blogs, edicións dixitais, certames...

- **Espazo:** Libraría Aenea (Rúa dos Irmáns Rey-Alvite, 3).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 19 – 20 h | Presentación da nova colección de libros musicais *ZECA, aCentral Folque, cos autores Richi Casás (Fuliada na Vila) e Xico de Carinho (na Harmónica)*.

ZECA é un espazo para a creación e o encontro, desde o que construír pontes entre ritmos e sons diversos e abrir novos camiños para o patrimonio musical galego. Pero tamén é un espazo para a intervención, un lugar de liberdade para tecer discursos e narrativas e para promover expresións críticas e cívicas. A marca do músico portugués Zeca Afonso é unha referencia inequívoca do sentido da colección. A presentación contará con sorpresas musicais improvisadas.

- **Espazo:** Fundación Eugenio Granell. Sala Didáctica.



### 19.30 – 21 h | Lançamento: *Nós, xs inadaptadxs. Representações, desejos e histórias LGBTIQ na Galiza*.

Várias colaboradoras da publicação abordarão algumas das questões e dos desafios mais prementes para o LGBTIQ na Galiza de hoje e discutirão acerca das ligacoes entre sexualidade e galeguidade, com participação aberta para o público.

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



## MÉRCORES 14



### 18 – 19.15 h | [Programación infantil] Obradoiro creativo. “Palabras que crean”: *Contoxogo Colectivo*.

Obradoiro de carácter lúdico e creativo no que, partindo de diferentes palabras, crearemos unha historia conxunta, a modo de cadáver exquisito.

A partir de 6 anos.

- **Espazo:** Fundación Torrente Ballester.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 18 – 19.30 h | Paseo guiado: *Isaac Díaz Pardo*.

- **Punto de partida:** Xardíns de Fonseca.
- **Prazas limitadas** (Inscripcións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).





### 19 h – 20 h | Performance poética. *Ouveos*

A posta en escena e a dramaturxia de *Ouveos* parte do poemario homónimo. Trátase dunha peza de poesía escénica de tipo multidisciplinar na que a poesía e o teatro conviven co vídeo, o movemento e a música. Performance poética e coloquio con Branca Novoneyra e Diego Horschovski.

- **Espazo:** Xardíns de Fonseca (En caso de Choiva: Fundación Granell – Sala 2).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 19.30 – 20.30 h | Presentación *O Paraíso dos inocentes* de Antón Riveiro Coello da editora Galaxia.

- **Librería Pedreira** (Rúa do Home Santo).



### 20 – 21 h | Coloquio. “A literatura sueca traducida ao galego”.

Coloquio entre o xornalista Daniel Salgado e a tradutora Marta Dalhgren, responsable dunha decena de traducións literarias do sueco ao galego dende 1983.



- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

## XOVES 15



### 17.30 a 20 h | Sinatura do libro *As nosas letras de muller a muller* de María Eiras, artista e directora de Mareiras Espazo de arte.

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).



### 19 – 20 h | Aproximación ao proxecto expositivo e poético *Nenas medrando*, de Silvia García.

- **Espazo:** Xardíns Fonseca (en caso de choiva, Fundación Torrente Ballester).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 20 – 20.45 h | Presentación do libro de banda deseñada *Carvalho Calero, coração de terra*.



Banda deseñada baseada en varios items da biografía de Ricardo Carvalho Calero: infancia, estudos universitarios, a Guerra, docencia en Fingoi, USC, reintegracionismo de forma a mostrar os problemas da situación cultural, lingüística e política do país ao longo do século XX e de por que estamos onde estamos, con Valentim Fagim (Através Editora) e Germán Hermina (guionista da banda desenhada).

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

## VENRES 16



### 18 – 19.30 h | Paseo guiado: *A Compostela Conspiradora*. Manuel Gago.

Santiago de Compostela non é só un apracible destino espiritual. Ao longo da súa historia, a cidade xogou un importante papel como actor político do poder... e do contrapoder. Este paseo guiado explora os escenarios nos que se desenvolveron as tremoias (máis ou menos) discretas coas que os poderosos, grupos de presión, sociedades secretas e revolucionarios de toda facción tentaron influír nos destinos deste reino (e doutros). Teremos de todo, como en botica: revoltas, invasións, asasinatos, complots, atentados, montaxes, conxuras e un amplo mostrario de maquiavelismos. Unha partida de xadrez que se leva xogando no taboleiro urbano de Compostela durante máis de mil anos.

- **Punto de partida:** Igrexa de San Fiz de Solovio.
- **Prazas limitadas** (Inscricións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).



### 18.30 – 19.30 h | [Programación Infantil]. Concerto de Pakolas.

- **Librería Pedreira.**
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 19 – 20 h | Presentación. *Sopas de toxo*.



Presentación cruzada dos últimos libros de Teresa Moure (*Sopas New Campbell*, Cuarto de Inverno 2020) e Susana Sánchez Arins (*SuperUlex*, Cuarto de Inverno 2020).

- **Espazo:** Xardíns de Fonseca (En caso de choiva: Fundación Torrente Ballester).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.



### 20 – 21 h | Presentación: *Árbores no deserto* (editorial Galaxia) coa autora Rosalía Fernández Rial e acompañada por Montse Pena Presas.

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

## SÁBADO 17



### 12 – 13 h | [Programación familiar] Performance oral: *Historias da tinta imaxinaria* con Queco Díaz e Alba María.

Espectáculo que, coa palabra e a música como ferramentas, procura o humor agudo e tenro e a expresión sinxela e sutil. Alba María e Queco Díaz presentan esta paisaxe imaxinaria que pretende chegar tres caras da oralidade galega (conto, poesía improvisada e canto) ás persoas máis pequenas. Idade: A partir de 4 anos.

- **Espazo:** Xardíns de Fonseca (En caso de choiva: Fundación Granell – Sala Didáctica).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

**12 – 13 h | Paseo guiado: A Compostela xeoliteraria. María López Sandez.**

- **Punto de partida:** Xardíns de Fonseca.
- **Prazas limitadas** (Inscripcións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).

**18 – 19 h | Paseo guiado polo Santiago Republicano. Miguel Paz Cabo.**

- **Punto de partida:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Prazas limitadas** (Inscripcións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).

**20 – 21 h | A II República española na literatura francesa contemporánea; o caso da novela *Morrerei outro día*.**

▶ Análise socioliteraria da II República española e o golpe de estado franquista que deu pé á Guerra Civil a partir do relato feito pola escritora francesa Isabelle Alonso na novela *Morrerei outro día*, traducida ao galego por Xabier Ron e Isabel Soto.

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

# DOMINGO 18

**10.30 – 12 h | Paseo guiado: Plantas silvestres aproveitables.**

- **Punto de partida:** Xardíns de Fonseca.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade (Inscripcións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).

**12.30 – 13.30 h | Presentación do libro *Polo rego. A universidade do campo* con Carme Freire, Rosendo Luís Estévez e Isidro Dozo (Catro Ventos Editora).**

O profesorado de *Polo rego* toma a palabra e, co gallo da publicación do libro da 1ª tempada do programa da TVG, fálanos da súa experiencia en cadansúa das especialidades que manexan (agricultura sustentable e xardinaxe, cestaría, coidado da horta e control das pragas, receitas con produtos da terra, recomendacións para a compostaxe e o aproveitamento dos beneficios das plantas silvestres). Tamén falaremos de como foi a grabación deste programa da TVG e da selección de recomendacións e receitas recompiladas no libro. Tamén será un diálogo aberto a un estilo de vida marcado polo campo por oficio, afección de proveito e paixón.

- **Espazo:** Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19).
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

**12 – 12.45 h | Contacontos: Contacontos ilustrado do libro *Leopoldo, o pequeno monstro*, de Estefanía Padullés.**

A autora irá contando o conto mentres vai ilustrando os personaxes e a trama da historia. Ao final, os nenos e nenas levan follas cos personaxes para colorear na casa. Idade: de 5 a 9 anos.

- **Espazo:** Fundación Torrente Ballester.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.

**12 – 13 h | Paseo guiado: Compostela vermella. Arantza Portabales.**

Partindo da Comisaría onde traballan Abad e Barroso, discurreremos polos escenarios de *Beleza vermella*. Os bares onde Santi e Ana toman café e comen, a casa de Santi Abad no Pombal. Así como os escenarios da nova novela que sairá nuns meses, que nos levará dende o Obradoiro á Ferradura, e á Biblioteca Ánxel Casal.

- **Punto de partida:** Comisaría de Policía de Santiago de Compostela.
- **Prazas limitadas** (Inscripcións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).

**18 – 20 h | Paseo literario feminista por Santiago de Compostela: Verba manent con Andrea Nunes e Alba María.**

Paseo literario en chave feminista orbitando arredor da zona vella de Compostela co leitmotiv das obras de Begoña Caamaño, escritora e activista que estivo moi vinculada á cidade. A poeta Andrea Nunes Brións e a improvisadora oral Alba María serán as encargadas de guiarnos a través da historia das mulleres que, en moitos casos silenciadas, foron as que construíron as rúas da memoria de Santiago de Compostela: bibliotecarias, escritoras, activistas...

- **Punto de partida:** Igrexa de Belvís.
- **Prazas limitadas** (Inscripcións no enderezo electrónico [selic@santiagodecompostela.gal](mailto:selic@santiagodecompostela.gal)).

**19 – 19.45 h | Teatro – poesía: Presentación-representación *Malcriada* con Esther Carrodegas e o pianista Velpister.**

*Malcriada*, é un libro de poesía que fala todo el da vida das chamadas “asintentes do fogar”. Versalo en primeira persoa permítelle á protagonista crear uns textos moi crus, sinceros e estraños para a poesía contemporánea.

- **Espazo:** Lavandería (Rúa Hortas). En caso de choiva: Fundación Torrente Ballester.
- **Entrada libre** ata completar a capacidade.





# EXPOSITORES

Sábado – Domingo – Luns:  
11.00 a 14.00 h | 17.00 a 21.00 h  
Martes a Venres: 17.00 a 21.00 h

## Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, nº 19)

- Editorial Hugin e Munin
- Fundación Anselmo Lorenzo
- Acentral Folque
- Alvarellos Editora
- Librería Aenea
- Edicións Positivas
- Librería Lila de Lilith
- Cuarto de Inverno

## Comedor do Colexio de Fonseca (Rúa do Franco, s/nº)

- Editorial Mariano Casas
- Universidade de Santiago de Compostela
- Consorcio de Santiago de Compostela
- María Meijide
- Hércules Ediciones
- Librería Pedreira
- Através Editora
- Os Mundos de Carlota



# EXPOSICIÓN

## “As nosas letras de Muller a Muller” de María Eiras.

- Librería Aenea (Rúa dos Irmáns Rey-Alvite, 3).
- Martes a venres en horario 10 h a 13.45 h e de 17.15 a 20.30 h.

## “Edito e Mando” de María Meijide.

- Comedor de Fonseca.
- Martes a venres en horario de 17.00 a 21.00 h.
- Sábado, domingo e luns de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 21.00 h.



CONCELLO DE  
SANTIAGO